

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A CORPORACIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A. PARA A ELABORACIÓN E EMISIÓN DO PROGRAMA "OS NOSOS MAIORES" NO EXERCICIO 2023

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Don Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, actuando en nome e representación de Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., con CIF A15073349, nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A, en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos Estatutos sociais.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de asistencia social, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Á dita Consellería, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Segundo. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Terceiro. Que os medios de comunicación son instrumentos esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto para o correcto funcionamento das institucións



democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución española, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública libre, de tal xeito que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de maneira que poida ponderar as opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundidas a través dos medios de comunicación constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual como social.

Os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.

Cuarto. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, en materia de servizos sociais, incluíndo a atención ás persoas maiores e a promoción da autonomía persoal pretende contribuír a que os cidadáns dispoñan da maior e mellor información posible e ao mesmo tempo transmitir os valores que informan a actuación pública. En concreto, a intención é chegar coa información obxecto deste convenio á sociedade galega, cun achegamento á realidade das persoas maiores e á súa vida cotiá, á promoción da súa autonomía persoal e fundamentalmente a necesidade de fomentar o respecto ás persoas maiores, o seu benestar social, a súa atención e coidados e destacar o seu papel activo na sociedade, fortalecendo así as relacións e os vínculos das persoas maiores e a sociedade tendo en conta que as persoas maiores son un axente activo na construción da historia común da Comunidade Autónoma galega.

Quinto. Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., é unha sociedade mercantil pública autonómica de capital integramente participado pola Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a forma xurídica de sociedade anónima, que ten encomendada a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de



Galicia. Segundo o establecido no seu mandato marco publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 247, do 29 de decembro de 2015, como servizo público no artigo 20 entre os seus obxectivos programáticos do Capítulo I do Título II sobre as liñas de estratexia de actuación esta deberá fomentar e potenciar o respecto ás persoas maiores.

Sexto. Que a Consellería de Política Social e Xuventude considera á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., por razón do seu alto grao de audiencia en Galicia e a súa raizame na sociedade galega, como a entidade idónea para contar cun programa no que se lle de voz ás persoas maiores e á súa vida cotiá.

A Consellería de Política Social e Xuventude e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A van realizar e emitir nos medios de comunicación que integran a esta última, de acordo coa súa liña editorial, o programa "Os Nossos Maiores" vencellado ao achegamento á realidade das persoas maiores e ao fomento ao respecto, benestar, atención e coidados das persoas maiores.

Sétimo. Que resulta de grande interese para á Consellería de Política Social e Xuventude colaborar na realización e emisión informativa dos ditos contidos.

Oitavo. Este convenio ten por finalidade establecer as condicións técnicas e financeiras a través das cales se vai a articular a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Corporación Radio Televisión de Galicia, S.A. para que esta última realice e emita, de acordo coa súa liña editorial, o programa "Os Nossos Maiores" vencellado á realidade das persoas maiores en Galicia e á súa vida cotiá, á promoción da súa autonomía persoal e fundamentalmente a necesidade de fomentar o respecto ás persoas maiores e incidir no seu benestar social e a súa atención e destacar o seu papel activo na sociedade.

O obxectivo final é chegar coa información obxecto deste convenio á sociedade, informando da realidade das persoas maiores e á súa vida cotiá e fundamentalmente coa necesidade de fomentar o respecto ás persoas maiores e incidir no seu benestar, a súa atención e coidados, destacando o seu papel activo na sociedade.



Polo exposto, tendo en conta os fins e obxectivos expostos e dada a existencia dun interese coincidente, as dúas partes acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

Establecer a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Corporación Radio Televisión de Galicia, S.A. (en adiante CRTVG) para a realización e emisión a través dos medios de comunicación da CRTVG, de a cordo coa súa liña editorial, do programa "Os Nosos Maiores" composto de trece espazos de 40 minutos de duración nos que se emitirá información sobre a realidade actual e a vida cotiá das persoas maiores que viven na Comunidade Autónoma de Galicia coa necesidade de fomentar o respecto ás persoas maiores, incidindo no seu benestar e atención.

Segundo. Orzamento

O orzamento do custo total das actividades previstas neste convenio ascende á cantidade de 193.453, 00 euros que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes.

O desglose do orzamento é o que segue:

	Orzamento
Guión e música	22.500,00 euros
Equipo técnico	70.530,00 euros
Estudo rodaxe, sonorización e produción	13.450,00 euros
Maquinaria de rodaxe e transportes	13.565,00 euros
Viaxes e axudas de custos	2.120,00 euros



Seguros	31.044,90 euros
Gastos xerais	11.760,00 euros
Gastos de explotación, comercial e financeiros	3.250,00 euros
Subtotal	168.220,00 euros
15 % B.I.	25.233,00 euros
Total	193.453,00 euros

A Consellería de Política Social e Xuventude comprométese a financiar un importe máxima de 96.726,50 euros á CRTVG para compensar parte dos custos nos que se incorra para a realización e emisión do programa "Os Nossos Maires", por considerar que a presente acción ten natureza dun investimento de carácter inmaterial por ser un ben intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería de Política Social e Xuventude.

A colaboración financeira da Consellería de Política Social e Xuventude neste convenio non terá polo tanto a consideración de "prezo" senón de achega para compensar ao medio de comunicación dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha, desenvolvemento e emisión do programa "Os Nossos Maires".

A achega imputarse á aplicación orzamentaria 13.05.312E.640.0, código de proxecto 2022 00116 correspondente a créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

A CRTVG empregará a totalidade da achega económica da Consellería de Política Social e Xuventude para a realización e para a emisión a través dos seus medios de comunicación do programa "Os Nossos Maires" e non obterá ningún beneficio económico desta achega.

Terceira. Obrigas das partes

1. Serán obrigas da CRTVG:

a) Elaboración de trece espazos de 40 minutos de duración cada un deles nos que se emitirán contidos de interese xeral vencellados ás persoas maiores, de conformidade co establecido na cláusula segunda.



- b) Emisión semanal dos anteditos espazos na grella de programación da CRTVG.
- c) Contratación dos medios técnicos e humanos necesarios para a gravación e produción do programa obxecto deste convenio.
- d) Cesión ou aproveitamento do material gráfico elaborado pola entidade para uso da Consellería de Política Social e Xuventude na promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno a consellería, achegándolle a esta as copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto.

Con carácter previo á reprodución autorizada, a Consellería de Política Social e Xuventude solicitará á CRTVG as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto.
- e) Facer constar na produción a colaboración da Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude.
- f) Realizar todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio de acordo co contemplado na disposición adicional da Lai 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coa normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego aprobada pola Real Academia Galega.
- g) Cumprir os obxectivos e os compromisos asumidos no marco deste convenio.
- h) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- i) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.



2. Serán obrigas da Consellería de Política Social e Xuventude:

- a) Aboar o importe correspondente de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- b) Orientar e facilitar á CRTVG toda a información necesaria para a boa realización do programa obxecto deste convenio.
- c) Proporcionar á CRTVG a documentación e o asesoramento necesario para a elaboración dos guións que compoñen os distintos espazos obxecto de emisión, de ser preciso.
- d) Facer constar "Imaxes cedidas pola CRTVG" nas producións realizadas e cedidas pola CRTVG no marco deste convenio, nos seus títulos de crédito ou no seu defecto como indicativo nalgún lugar visible de forma secundaria.
- e) Colaborar co persoal técnico para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio.

Cuarta. Resultados conxuntos

Os resultados consecuencia das actuacións previstas neste convenio utilizaranse para a elaboración e distribución de diverso material promocional que será de uso e titularidade común de ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes asinantes. Non obstante, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente as accións de campo, datos de calquera tipoloxía, análises, resultados, informes e conclusións que se deriven das actuacións deste convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes resultado da execución das actividades realizadas incluírase sempre unha referencia a este convenio.



Quinta. Autorización

A CRTVG autoriza á Consellería de Política Social e Xuventude para que obteña directamente ou telematicamente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e cos Seguridade Social (modelo Anexo I). No caso contrario, aportará a documentación que xustifique o cumprimento das ditas obrigas.

Sexta. Forma de pagamento e xustificación

1. Pagamentos. A Consellería de Política Social e Xuventude realizará os pagamentos en función do grado de execución do obxecto do convenio. A CRTVG achegará a seguinte documentación:

- A factura correspondente.
- Declaración responsable da realización parcial do obxecto do convenio, con indicación de datas e horas de emisión do programa.
- Dúas (2) copias dos espazos do programa en formato USB, ademais do enlace de descarga en formato dixital para poder dispor en calquera momento dos materiais.

A referida documentación deberá ser presentada antes do prazo de remate da vixencia deste convenio.

2. Presentación das facturas e da documentación adicional

A Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia establece que todas as facturas de importe superior a 5.000 euros presentaranse a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF), configurado como Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.



O resto das facturas poderán presentarse a través do propio SEF ou ante un rexistro administrativo nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O SEF esta dispoñible para todos os provedores, e acceso, procedemento de alta e manuais necesarios para poder operar co sistema pódense encontrar na dirección de internet:

<https://factura.conselleriadefacenda.es>

No proceso de carga das facturas electrónicas no SEF deben cumprimentarse os seguintes datos:

- Receptor: S1511001H, Xunta de Galicia.
- Destinatario:
 - Consellería/Organismo: Consellería de Política Social e Xuventude
 - Órgano de contratación: Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
 - Unidade de contratación: Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores.

Calquera documentación adicional deberá presentarse obrigatoriamente en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Sétima. Avaliación e seguimento. Comisión mixta

Co fin de realizar o seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta de avaliación e seguimento, que estará integrada por:

a) A persoa titular da Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores, que actuará como presidente. Se, por calquera causa, a persoa titular da presidencia non puidese asistir cando a comisión mixta se reúna, será substituída por



polo/a funcionario/a designado a estes efectos pola persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

b) A persoa titular da Subdirección Xeral de Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria

c) A persoa titular da Dirección de Contidos da CRTVG.

d) Unha persoa da Dirección de Contidos da CRTVG, designado pola persoa titular da Dirección de Contidos da CRTVG.

e) Un/unha funcionario/a designado pola persoa titular da presidencia, que actuará como secretario/a.

Se, por calquera causa, as persoas que compoñen a comisión mixta, agás a persoa que ocupe a presidencia, non puidesen asistir cando esta se reúna, serán substituídas pola persoa designada a estes efectos pola persoa que exerza a presidencia.

A comisión rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no relativo aos órganos colexiados

Oitava. *Publicación*

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento



de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Novena. *Vixencia do convenio*

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 17 de decembro de 2023 e non será prorrogable.

Décima. *Causas de resolución*

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, ademais das establecidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Décima primeira. *Modificación do convenio*

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De conformidade co artigo 49 g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superavit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Décimo segunda. *Relación laboral*

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Política Social e Xuventude, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incorrer a Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. nas súas relacións cos traballadores aos que encomende a realización do traballo.

Décimo terceira. Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e o resto de normativa aplicable.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán resolverse pola comisión mixta de avaliación e seguimento.

Contra as mesmas caberá interpor recurso contencioso administrativo diante da xurisdición Contencioso Administrativa.



Co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, aplicaranse os principios recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano por duplicado exemplar, no lugar e data sinaladas

Pola Consellería de Política
Social e Xuventude

Pola Corporación Radio e Televisión
de Galicia, S.A.

A conselleira

O director xeral

Fabiola García Martínez

Alfonso Sánchez Izquierdo



ANEXO I

**AUTORIZACIÓN PARA OBTENER OS CERTIFICADOS DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA
SEGURIDADE SOCIAL**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
XUVENTUDE E A CORPORACIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A. PARA A
ELABORACIÓN E EMISIÓN DO PROGRAMA "OS NÓS MAIORES" NO EXERCICIO 2023**

D/Dª con DNI, en calidade
de da entidade

AUTORIZO

Á Consellería de Política Social e Xuventude a obter de forma directa as certificacións acreditativas de estar ao corrente nos pagamentos coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

(Sinatura)

..... dede

